



ANEXO.

## MODIFICACIÓN Á AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE **CUARTO** DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Despois da publicación da *ORDE do 25 de xaneiro pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, faise necesario a modificación da programación didáctica; adaptándoa ao recollido nos artigos 5 e 6, que resumimos a continuación:

### Artigo 5. Avaliación

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

### Artigo 6. Promoción

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.



- O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia é unha medida de carácter excepcional, tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes. Neste caso o equipo docente organizará un plan específico de reforzo (PER). Esta decisión só se poderá tomar unha vez na etapa, oídas as familias.
- O seguimento do PER farase segundo o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de Atención á diversidade.
- Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte ciclo.



## ANEXO: AVALIACIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

**Atendendo á nova orde do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, consideramos importante deixar constancia mediante este anexo de que o alumnado de 4º de primaria PODERÁ PERMANECER UN ANO MÁIS OU PROMOCIONAR CON ALGUNHA AREA ao 5º curso nas que non acadara os mínimos esixibles. Ditos mínimos constan na PXA e, tras a súa revisión, son os quea continuación se exponen:**

### Lingua e literatura castelá

- Diferencia a correspondencias fonema-grafía.

- Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais

- Responde preguntas correspondentes á comprensión.

- Reproduce de memoria breves textos axeitados aos seus gustos e intereses.

- Resume de forma global entrevistas, noticias.

- Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.

- Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.

- Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e destacando as ideas principais.

- Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.

- Identifica as palabras clave dun texto.

- Relaciona de xeito global, a información das ilustracións coa información que aparece no texto.

- Interpreta mapas conceptuais sinxelos.

- Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.

- Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.

- Identifica o argumento de lecturas realizadas.



- Reproduce textos ditados.

- Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.

- Recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua.



- Utiliza con corrección os tempos simples nas formas persoais e non persoais do modo indicativo.
- Diferenza familias de palabras.
- Coñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos na expresión oral e escrita.
- É capaz de crear palabras derivadas.
- Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
- Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.
- Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso.
- Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.
- Realiza lecturas guiadas e comentadas.
- Interpreta, con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios.
- Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas con axuda.
- Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.

## Lingua e literatura Galega

- Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas.
- Comprende a información relevante en textos propios de situación cotiás e dos medios de comunicación social.
- Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
- Busca e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.
- Interpreta, personificacións e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade.



- Identifica a estrutura xeral dun texto.
- Emprega, con axuda, o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
- Fai unha lectura rápida integral, en función das necesidades de cada momento.
- Comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan.
- Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
- Esquematiza, con axuda, as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.
- Realiza o resumo dun texto sinxelo.
- Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.
- Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto, con axuda.
- Descodifica sen dificultade as palabras.
- Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
- Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.
- Fai lecturas dramatizadas de textos.
- Amosa interese pola lectura.
- Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar.
- Recoñece nos textos enunciados, palabras e sílabas.
- Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.



- Respecta, de xeito xeral, e con axuda, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.
- Identifica en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.
- Sinala o suxeito, en oracións.
- Usa, con axuda, o dicionario en papel ou dixital.
- Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
- Recoñece sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.
- escoita e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.
- Le en silencio e en voz alta obras e textos en galego.
- Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.

## Matemáticas

- Formula novos problemas, a partir dun resolto.
- Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.
- Identifica os números romanos
- Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.
- Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador.
- Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.
- Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta e multiplicación (de ata dúas cifras); e da división con axuda, con distintos tipos de números.
- Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50.



- Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
- Estima e redondea o resultado dun cálculo.
- Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir.
- Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
- Expressa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa.
- Compara e ordena medidas dunhamesma magnitude.
- Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.
- Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos.
- Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.
- Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.
- Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.
- Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos.
- Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.
- Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares

## Ciencias Sociais

- Coñece a litosfera e a dinámica de placas tectónicas.
- Explica as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
- Localiza diferentes puntos da Terra.
- Identifica distintos tipos de mapas
- Identifica o tempo atmosférico e os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función.
- Confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.
- Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.
- Identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga.





- Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.
- Identifica e nomea os tramos dun río e as características.
- Observa a composición das rochas.
- Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades.
- Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia.
- Sitúa nun mapa os mares eocéanos.
- Identifica os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.
- Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español.
- Identifica a división de poderes do Estado
- Explica a organización territorial de España. Localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
- Comprende os principais conceptos demográficos.
- Elabora gráficos sinxelos a partir de datos demográficos.
- Explica normas básicas de circulación e as consecuencias.
- Coñece o significado das algunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza como peón e como persoa usuaria de medios de transporte
- Coñece o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.
- Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos como fontes para coñecer o noso pasado.
- Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico
- Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia.
- Data a Idade Antiga e describe as características básicas daquel tempo.

## Ciencias Naturais

- Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga.
- Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.
- Separa compoñentes das algunhas mesturas de uso cotián.
- Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas de xeito guiado no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...
- Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.
- Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para a súa prevención.



- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual.
- Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.
- Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
- Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.
- Identifica sistemas de conservación alimentaria.
- Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.
- Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
- Elaborar protocolos de xeito guiado para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.
- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
- Reflexiona sobre o traballo realizado e saca conclusións.
- Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno.
- Planifica, rexistra e comunica, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.
- Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.
- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá.
- Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.
- Identifica hábitats de seres vivos e respétaos.
- Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
- Explica o comportamento de certos corpos diante da luz.
- Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias.
- Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga.



## Valores Sociais e Cívicos

- Expresa a percepción da súa propia identidade.
- Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.
- Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas
- Actúa de forma respectable
- Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.
- Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.
- Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais.
- Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
- Realiza propostas creativas
- Formula claramente problemas de convivencia
- Desenvolve actitudes de respecto
- Expresa con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións
- Expón respectuosamente os argumentos
- Expresa abertamente as propias ideas e opinións
- Emprega diferentes habilidades sociais.
- Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
- Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos.
- Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.
- Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.
- Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.
- Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.
- Razona as consecuencias da explotación infantil.
- Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.
- Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.
- Amona interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.



## Educación Plástica

- Elabora carteis con diversa información tendo en conta o tamaño proporción e cor, e engadindo textos.
- Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos.
- Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.
- Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.
- Consegue dar sensación de profundidade ás súas creacións.
- Realiza unha obra con materiais téxtiles de refugo.
- Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais.
- Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.).
- Recorta, encarta e pega, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.
- Traza formas xeométricas coa axuda das ferramentas básicas (regla, escuadro e cartabón).
- Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas.
- Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.
- Procura imaxes en soporte dixital de forma guiada para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.).
- Elabora bosquexos para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.
- Interpreta e comenta brevemente de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.
- Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a algún criterio.
- Identifica a figura humana nas obras plásticas.

## Educación Física

- Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios de xeito guiado.
- Explica de xeito escueto clara aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.
- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos.
- Recoñece as condutas desapropiadas que se producen na práctica deportiva.



- Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades con axuda do mestre.
- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita con axuda do mestre.
- Intenta presentar os seus traballos con orde, estrutura e limpeza.
- Intenta expoñer e respectar as opinións dos e das demais.
- Sempre participa nas actividades propostas, buscando a resposta motriz axeitada.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases de forma activa.
- Acepta formar parte de calquera grupo .
- Coñece e respecta a maioría das normas de educación viaria.
- Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
- Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
- Recoñece os dous tipos de respiración.
Mantense en equilibrio durante un tempo determinado a diferentes alturas.
- Coñece os músculos e articulacións principais que participan no movemento.
- Colócase á esquerda-dereita de obxectos.
- Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles normalmente adaptadas ó tempo e no espazo.
- Realiza desprazamentos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade.
- Realiza o salto en diferentes contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas intentando non perder o equilibrio e a continuidade, .
- Realiza a manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.
- Realiza o xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade.
- Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
- Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.
- Case sempre representa personaxes e situacións, con desinhibición e espontaneidade.
- Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
- Realiza bailes e danzas sinxelas da cultura galega.



- Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.
- Recoñece algunha das capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.
- Recoñece algunhas das melloras que o desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades implicadas nas actividades artístico expresivas.
- Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.
- Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física.
- Coñece algúns dos efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
- Adopta hábitos posturais axeitados.
- Realiza quecementos de forma guiada.
- Mellora o seu nivel das capacidades físicas.
- Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.
- Percibe e comeza a adaptar algunhas veces diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.
- Ten en conta a seguridade realizando un quecemento guiado.
- Consolida algún dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
- Algunha vez utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
- Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
- Recoñece algún xogo ou deporte tradicional de Galicia. Tamén valora a súa orixe e importancia.
- Realiza algúns xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.
- Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
- Habitualmente faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.
- Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.





## INGLÉS

- Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.

- Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.

- Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

- escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.

- Le textos axeitados á idade e interese.

- Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.

- Participa en situación reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles

- Amosa unha actitude de escoita atenta.

- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves. Ex.- cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións.

- Manifesta interese e respecto polas apartacións dos seus compañeiros/as.

- Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.

- Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

- Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.

- Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.

- Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.

- Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.

- Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos

- Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

- Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).



- Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
- Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
- Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
- Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...
- Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).
- Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
- Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
- Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

## EDUCACIÓN MUSICAL

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. (CCL, CCEC )
- Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. ( CAA, CCEC )
- Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. (CAA, CCEC)
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados. (CCEC, CMCCT)
- Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas. (CCEC, CAA, CSIEE, CD)
- Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. (CAA, CCEC)
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. (CCEC )





- |  |
|--|
| <p>- Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. (CAA, CCL, CCEC )</p> |
|--|

## RELIXIÓN

- |   |
|---|
| <p>- Expresa, mediante a canción, a dramatización e a expresión plástica, o relato do nacemento de Xesús.</p> |
| <p>- Sabe a oración da Ave María.</p>   |
| <p>- Coñece o sentido dalgunhas celebracións e festas cristiás.</p>   |
| <p>- Describe algunhas obras de arte sobre Xesús.</p>   |
| <p>- Valora e respeta a Biblia.</p>   |
| <p>- Sabe as partes da Biblia e o título dalgún libro dela.</p>   |